

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA XUNTA DE GALICIA Consellería de Economía e Industria	
Data	- 7 OUT. 2011
Entrada n.º	
Saída n.º	Fe 000 666 / 2011

JOSÉ CARLOS ÁLVAREZ FEAL
Avda. Esteiro, 34-36, 6º izq
15403 FERROL
A CORUÑA

NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DO SECRETARIO XERAL DO IGAPE
CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DA III EDICIÓN DOS PREMIOS
PARA O FOMENTO DA CREATIVIDADE APLICADA

Expediente núm.: IG161.2011.1.4

Titular: José Carlos Álvarez Feal

Programa: Premios ás Iniciativas para o Fomento da Creatividade Aplicada

En relación ao expediente arriba citado, comunícolle que, con data 26 de setembro de 2011, o secretario xeral do IGAPE resolveu premiar á súa Iniciativa na fase III.

Os destinatarios dos premios, con carácter previo ao seu aboamento, deberán acreditar a súa identidade (acta fundacional ou de constitución no caso de asociacións; escritura de constitución no caso de empresas ou DNI no caso de persoas físicas) e para os efectos do seu pagamento deberán achegar a este Instituto o número de identificación fiscal e os datos bancarios completos a efectos da correspondente transferencia bancaria.

Asímesmo indícolle que a citada Resolución esgota a vía administrativa e poderá ser impugnada polo interesado nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ferrol, 6 de outubro de 2011

Director do Plan Ferrol



Gonzalo Trenor López

RESOLUCIÓN DO IGAPE CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DA III EDICIÓN DOS PREMIOS ÁS INICIATIVAS PARA O FOMENTO DA CREATIVIDADE APLICADA.

Mediante Resolución do 14 de decembro de 2010, fixéronse públicas as bases reguladoras e a convocatoria da III edición dos premios ás iniciativas para o fomento da creatividade aplicada (DOG nº 10, Luns, 17 de xaneiro de 2011).

Nas ditas bases, no seu artigo 4º, establecíanse tres categorías de premios:

- Iniciativas que acaden na fase I unha valoración positiva.
- Iniciativas que acaden na fase II (pre-proxecto) unha valoración positiva.
- Iniciativas que na fase III (proxecto) sexan obxecto dun acordo específico.

O xurado nomeado para o efecto, na súa xuntanza do 22 de xuño do 2011, logo de deliberación e tendo en conta os criterios de selección para as distintas fases establecidas nas bases reguladoras dos premios, adoptou a súa decisión sobre as iniciativas presentadas.

Vista a decisión do xurado, RESOLVO outorgar os seguintes premios:

- INICIATIVAS QUE ACADARON A FASE I:

Dotación	Expediente núm.	Destinatario	Descrición da Iniciativa
1.000 €	IG161.2011.1.3	Luis Carral Couce	"Sistema de control de maniobra para remolcadores do tipo escolta"
1.000 €	IG161.2011.1.10	María Fernández Varela	"Ecoindes"

- INICIATIVAS QUE ACADARON A FASE II:


Dotación	Expediente núm.	Destinatario	Descrición da Iniciativa
2.000 €	IG161.2011.1.5	Marcos Paz Roca, Daniel Rodríguez Pazos e Alberte Sánchez Matos	"Ferrolterra Móbil 2.0"

- INICIATIVA QUE ACADOU A FASE III:

Dotación	Expediente núm.	Destinatario	Descrición da Iniciativa
4.000 €	IG161.2011.1.4	José Carlos Álvarez Feal	"Alternativa ecolóxica ao uso de tratamentos químicos antiincrustantes para estruturas flotantes en portos deportivos e sistemas de balizamento"

Os destinatarios dos premios con carácter previo ao seu aboamento deberán acreditar a súa identidade (acta fundacional ou de constitución no caso de asociacións; escritura de constitución no caso de empresas ou DNI no caso de persoas físicas) e para os efectos do seu pagamento deberán achegar a este Instituto o número de identificación fiscal e os datos bancarios completos a efectos da correspondente transferencia bancaria.

Os destinatarios destes premios aceptan que os datos xenéricos facilitados en relación coas iniciativas presentadas a estes premios poidan ser obxecto de difusión polo Igape.



IGAPE

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

INFORMACIÓN: 902 300 903

Esta resolución esgota a vía administrativa e poderá ser impugnada polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2011

P.D. (Acordo 1/6/2011, DOG n.º 113, do 14 de xuño e corrección de erros DOG nº120, do 23 de xuño de 2011)

Francisco Javier Álvarez Barbeito

Secretario xeral do Instituto Galego de Promoción Económica